

NORMAS E PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS

1. As comunicacións poden ser orais ou en formato póster, debéndose indicar o tipo de comunicación á que se opta.
2. Poderán presentarse comunicacións sobre calquera tema relacionado coa ornitoloxía, en lingua galega, castelá, ou en inglés.
3. Os resumos deberán expoñer os principais resultados da comunicación, ademais dos obxectivos e da metodoloxía empregada.
4. Os resumos serán enviados por e-mail á Secretaría do Congreso congreso2008@sgosgo.org, cun texto mecanografiado en Times New Roman e papel formato DIN A-4, utilizando Word ou compatible, cun máximo de 400 palabras, indicándose, na mesma orde, título, autor(es), poñente, enderezo e e-mail.
5. O comité organizador reservase o dereito de seleccionar as ponencias orais ata completar os tempos dispoñibles. Para aquelas que non poidan ser expostas oralmente, avisarase aos autores con tempo co fin de que teñan a opción de facelo en forma de panel.
6. As comunicacións orais durarán un máximo de 15 minutos, estando prevista a súa presentación a través de videoproxector conectado a computador, no horario que a Organización comunicará ao(s) autor(es) cunha semana de antelación. Calquera outra posibilidade de presentación deberá ser comunicada á organización coa entrega dos resumos.
7. Os pósters terán un máximo de 1,20m de altura por 0,90m de largura. Serán colocados por conta do(s) autor(es), no lugar que indique a Organización, e deberán estar expostos durante todo o Congreso.
8. O prazo de recepción de resumos remata o 15 de agosto de 2008
9. Polo menos unha das persoas que asinen a comunicación, deberá estar inscrita no Congreso.
10. O programa completo de comunicacións orais, co título e autor de cada ponencia, e máis a relación de comunicacións en posters, entregarase coa documentación ás persoas inscritas no Congreso, figurando nunha web ou blog do Congreso desde unha semana antes.

As persoas interesadas en publicar as súas comunicacións nas Actas do Congreso, deberán enviar os artigos completos antes do 1 de xaneiro de 2009, segundo normas que se facilitarán oportunamente. A súa publicación deberá ser aceptada por parte do correspondente Comité Científico.